

## **CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN DUN POSTO DE MANTEDOR DE INSTALACIONES DEPORTIVAS.**

**1ª.- Obxecto da convocatoria:** É obxecto desta convocatoria a selección dun mantedor de instalacións deportivas para o pabellón de deportes náuticos no Concello do Grove.

**2ª.- Sistema de selección:** será o de concurso con entrevista curricular.

**3ª.- Duración do contrato:** A duración do contrato será de 6 meses improrrogable.

**4ª.- Remuneración:** A remuneración a percibir será de 1100 € brutos mensuais.

**5ª.- Modalidade contractual:** Funcionario interino. Art. 10 EBEP.

**6ª.- Requisitos mínimos dos/as aspirantes:**

Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Posuir a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter, alomenos, 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título certificado de estudos primarios.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións sinaladas para o posto.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse inhabilitado por resolución xudicial para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

**7ª.- Instancias e admisión:** As instancias solicitando tomar parte na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de 5 DIAS NATURAIS seguintes ao da publicación do correspondente anuncio nun medio de comunicación escrito e no taboleiro de anuncios do Concello e dirixiranse ó Presidente da Corporación.

Os/as aspirantes manifestarán nese momento que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na presente convocatoria.

Os méritos non xustificados na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso oposición non serán tidos en conta.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou copia autenticada:

- DNI
- Título esixido
- Currículo
- Acreditación documental de todos os meritos alegados no currículo:
- Formación: Títulos dos cursos.
- Experiencia: Contratos ou Vida Laboral xunto con Certificado de empresa donde se especifiquen as función desempeñadas polo solicitante no posto.

Realizada a valoración dos méritos exporase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, listaxe de aspirantes admitidos e excluídos, e indicarse o día e a hora da entrevista.

#### **8ª.- Selección:**

- **FASE DE CONCURSO.-** Méritos e sistema de cualificación:

1. Experiencia profesional: 3 puntos máximo
2. Curriculum: 3 puntos máximo
3. Entrevista: 4 puntos máximo

**a) Experiencia profesional:** ata un máximo de **3 puntos**.

Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado, de instalacións deportivas na Administración Pública ..... 0,3 puntos por mes.

**b) Formación:** ata máximo de **3 puntos**.

- Por cursos relacionados coa ocupación ata 30 horas .....0,2 puntos  
Mais de 30 horas .....0.4 puntos
- Permiso de conducción B .....1 punto
- Titulación ou cursos profesionais relacionados coa praza .....2 puntos

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante copia compulsada da realización dos mesmos.

Cando na acreditación dos cursos non figure o número de horas non se puntuará.

- **FASE DE ENTREVISTA:** Os aspirantes serán entrevistados pola mesa de selección que lles poderán facer as preguntas que estimen oportunas referidas á súa experiencia profesional, laboral así como a súa formación académica. A puntuación máxima neste apartado será de **4 puntos**.

**9ª .- Tribunal cualificador:** O tribunal cualificador estará integrado según o previsto no EBEP.

**10ª.-** A efectos de valorar os méritos acreditados polos aspirantes (fase concurso) convocarase aos membros do Tribunal cualificador mediante anuncio no tablón de anuncios do Concello. Así mesmo convocarase os aspirantes para a realización da entrevista a través do citado tablón de anuncios e páxina web.

**11ª.- Incidencias:** O Tribunal queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adopta-las resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do concurso –oposición.

A convocatoria, bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**12ª.-** Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

O Grove, 20 de marzo de 2012  
O ALCALDE

Asdo.: Miguel A. Pérez García